



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIONES LABORAIS
Dirección Xeral de Relacións Laborais

Edificio Administrativo San Caetano
Bloque 5-6º planta
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



XACOBEO 2004
Galicia



SUBDIRECCIÓN XERAL DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL
Expte nº AS843A 20649-0

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS
EMPREGO E RELACIONES LABORAIS
REGISTRO XERAL

031413 15.10.04 13:33

Rexistro de SAÍDA

Xúntase notificación da resolución de 14 de outubro de 2004 dictada polo ilmo. Sr. Director Xeral de Relacións Laborais, no procedemento de autorización definitiva para impartir e certificar actividades formativas en materia de prevención de riscos laborais de nivel superior.

Santiago de Compostela, 114 OCT. 2004

A xefa do Servizo de Seguridade e Saúde Laboral
Maria Miñones Conde
P.A.



Alfonso Ávila Ribadulla

D. Martín Varela García
PORTAL FORMATIVO S.L.
c/ de la Unidad, 5-ent D.
27004 Lugo



Nº EXPTE: AS843A 2004/9-0
ENTIDADE: PORTAL FORMATIVO S.L.
ENDEREZO: c/ de la Unidad, 5-ent. D. Lugo

Con esta data o Director Xeral de Relaciónes Laborais, dictou a seguinte resolución:

*Examinado o expediente de autorización definitiva para impartir e certificar actividades formativas en materia de prevención de riscos laborais de nivel superior nas especialidades de seguridade do traballo, hixiene industrial e ergonomía e psicosocioloxía aplicada da entidade de referencia esta Dirección Xeral de Relaciónes Laborais resolve en base ós seguintes antecedentes e fundamentación xurídica

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. En data de rexistro de entrada 2 de xullo de 2004 D. Martín Varela García en representación da entidade PORTAL FORMATIVO S.L., presentou solicitude e documentación para os efectos de obter a autorización para impartir e certificar formación de nivel superior en prevención de riscos laborais na modalidade a distancia nas especialidades preventivas de seguridade do traballo, hixiene industrial e ergonomía e psicosocioloxía aplicada.

Segundo. De conformidade co procedemento establecido no artigo 9 da O.M. do 27 de xuño de 1997, que desenvolve o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se regulan os servicios de prevención, remítense copia da solicitude e documentación ó órgano técnico en materia de seguridade e saúde laboral na provincia de Lugo e á Inspección provincial de Traballo e Seguridade Social de Lugo. Constan no expediente os informes favorables emitidos polos órganos citados, incorporándose ó expediente administrativo en datas 7/10/2004 e 27/7/2004, respectivamente.

Terceiro. Na tramitación do expediente seguiuse o procedemento establecido ó efecto na normativa de aplicación e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. A competencia para a resolución deste expediente corresponde á titular da Dirección Xeral de Relaciónes Laborais da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relaciónes Laborais, por ostentar a condición de autoridade laboral no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade coa normativa aplicable por razón da materia en concordancia co establecido no artigo 9 do Decreto 212/2003, do 3 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relaciónes Laborais.

Segundo. A disposición transitoria terceira do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, prevé que en tanto non se determinen as titulacións académicas e profesionais correspondentes á formación mínima necesaria para o desempeño das funcións preventivas de nivel intermedio e superior, esta formación poderá ser acreditada, sen efectos académicos, por entidades públicas ou privadas debidamente autorizadas pola autoridade laboral.





Nº EXPTE: AS843A 2004/9-0
ENTIDADE: PORTAL FORMATIVO S.L.
ENDERECO: c/ de la Unidad, 5-ent. D. Lugo

Autorización concebida como garantía dirixida ós interesados no senso de que as entidades contan con instalacións e medios humanos e materiais suficientes e axeitados para o desenvolvemento da actividade formativa e que o programa se axusta ós criterios xerais do anexo III e ós contidos mínimos do anexo VI ó tratarse do nivel superior.

Terceiro.- Considerando que os informes favorables emitidos polo Centro de Seguridade e Saúde Laboral de Lugo e da Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social de Lugo conclúen a procedencia de acceder ó solicitado tras verificarse o cumprimento dos requisitos establecidos como mínimos tanto no relativo ós medios materiais como docentes, é polo que debe accederse ó solicitado. Dita autorización vincúlase ó cumprimento dos requisitos legais previstos no capítulo III da O.M. do 27 de xuño de 1997, debendo garantí-lo cumprimento do proxecto presentado xunto coa solicitude que obra no expediente administrativo AS843A 2004/9-0.

Conforme ó establecido na disposición adicional segunda da devandita Orde a entidade deberá facer constar a resolución de autorización, en calquera actividade de publicidade que realice referida ás actividades mencionadas.

Cuarto.- Considerando que os informes evacuados serven de base á presente resolución, de conformidade co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común "a aceptación de informes ou dictames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma".

VISTOS a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais; o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servicios de prevención; a O.M. do 27 de xuño de 1997 pola que se desenvolve o devandito regulamento; a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro; e demás normas de aplicación,

Esta Subdirección Xeral de Seguridade e Saúde Laboral **PROPÓN** a adopción da seguinte:

RESOLUCIÓN

1. Autorizar á entidade PORTAL FORMATIVO S.L. con CIF núm. B-27303494, para desenvolver actividades formativas de prevención de riscos laborais de nivel superior na modalidade a distancia e para as especialidades de seguridade no traballo, hixiene industrial ergonomía e psicosocioloxía aplicada que faculten para o desempeño das funcións previstas no artigo 37 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servicios de prevención.
2. A presente autorización quedará subordinada á realización efectiva do proxecto que obra no expediente administrativo nº AS843A 2004/9-0, así como á permanencia das condicións da autorización e ó cumprimento dos requisitos establecidos na normativa de aplicación.





Nº EXPTE: AS843A 2004/9-0
ENTIDADE: PORTAL FORMATIVO S.L.
ENDEREZO: c/ de la Unidad, 5-ent. D. Lugo

A tales efectos, esta Dirección Xeral como autoridade laboral resérvase o dereito de efectuar as comprobacións que considere necesarias respecto ó seguimento e control da actividade formativa que se autoriza. As actividades formativas que se realicen ó abeiro da presente autorización deberán facer constar na súa publicidade o número de expediente administrativo.

3. A certificación da formación en materia preventiva que habilite para o desempeño das funcións correspondentes ó nivel intermedio e superior das actividades formativas que se autorizan, se condiciona ó seguimento e valoración dos resultados das devanditas actividades desenvolvidas. A tal efecto, con carácter previo ás certificacións, a entidade autorizada deberá presentar documentación acreditativa da efectiva realización da formación, conforme ó proxecto obrante no expediente, e documentación que avale os alumnos que superaron tal formación, co fin de que se efectúen as correspondentes comprobacións por esta Dirección Xeral que notificará, no seu caso, a procedencia das certificacións.

4. A vixencia da presente autorización estenderase ata que non se determinen no sistema educativo as titulacións académicas e profesionais correspondentes á formación mínima necesaria para o desempeño das funcións preventivas de nivel intermedio e superior.

5. Notifíquese á entidade interesada a presente resolución para o seu coñecemento e para os efectos oportunos. Contra a mesma poderase interpoñer recurso de alzada ante a Conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, no prazo dun mes contado a partir do dia seguinte ó da súa notificación, de acordo co estipulado no artigo 114 e concordantes da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro".

O que se lle notifica, para o seu coñecemento e efectos oportunos, a teor do disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 14 OCT. 2004

A subdirectora xeral de Seguridade e Salde Laboral

Adela Quinza Torroja García

